

VIAXE: "CASTELA MEDIEVAL"

17,18 e 19 de maio



Pontetur
x0 227 tu agencia de viajes

• 17 DE MAIO: SANTIAGO – AREVALO

Saída a hora indicada dirección Ávila, con breves paradas na ruta. Chegada ao hotel, acomodación e xantar. Visita con guía local oficial a vila de Arévalo, onde destacan o Castelo, reedificado no s. XIV, o *Arco de Alcocer*, de estilo mudéjar, e antiga entrada ao recinto amurallado. Coñeceremos a *Ermida de la Lugareña*, de estilo románico – bizantino – mudéjar, e declarado Monumento Nacional. Destaca tamén a *Igrexa de San Juan* e a *Igrexa de San Martín*, Monumento Nacional. A *Igrexa de Santo Domingo de Silos*, situada na *Plaza del Arrabal*, é unha das igrexas consignadas como parroquia en 1250. A portada principal da *Plaza del Arrabal* foi construída en 1572 a expensas de D. Hernán Tello de Guzmán e a súa esposa D^a María Tello de Deza, tamén fundadores do colexio dos Jesuitas. Ten tres arcadas de sillares de granito almohadillados, de estilo grecorromano, das que só están abertas portas nas dúas laterais. Poderemos pasear tamén pola Plaza del Arrabal, centro comercial da cidade, xa naceu no século XII cando comezou o ensanche do arrabal, de ahí o seu nome. A muralla sur que transcorría de río a río, tiña diante un gran foso e fronte del comezáronse a construír una serie de rúas de forma irregular. En moitos edificios do seu lado norte, aínda afloran partes dese primeiro recinto amurallado, incluso coas súas almenas. Ten soportais en casi todos os lados, nacidos para a mercadería e para as feiras que se celebraron Nela dende a idade media. Foi praza de touros en moitas ocasións, sendo a última en 1957, onde chegaban os encerros e se celebraban as tradicionais capeas. Coñeceremos a *Puerta del Alcocer*, era a principal e a única que se conserva. Consta dun potente torreón con sucesivos arcos apuntados que, a modo de túnel, condúcenos á *Praza del El Real*, denominada así por estar nela a fachada principal do *Palacio de los Trastámara* e formouse ampliando a antiga e pequena praza que se abría a entrada do Alcocer, para o que foron derribados varios edificios ata conseguir un maior espazo público. Poderemos coñecer tamén o edificio do Concello. Hai que ter en conta que no ano 2013 a exposición "Las Edades Del Hombre" estará en Arévalo dende o mes de Maio a Outubro aproximadamente. Continuación ata o hotel, cea e aloxamento.

• 18 DE MAIO: MADRID

Almorzo e saída pola mañá para visita, de día completo, a Madrid. Primeiro realizaremos unha visita panorámica pola cidade, polas súas principais arterias, como a Gran Vía, Alcalá, Recoletos, Paseo de la Castellana,... Da man do noso guía local oficial visitaremos o Madrid dos Austrias, ca Catedral de la Almudena, a Plaza Mayor do s. XVII, Puerta del Sol, Plaza de Cibeles, Plaza de Neptuno,... así como os principais monumentos do centro histórico da capital de España, que nos trasladarán a etapas de esplendor. Xantar en restaurante concertado. Pola tarde visitaremos o Palacio Real de Madrid, do século XVII e de gusto francés. Tamén teremos tempo libre polo Parque do Retiro, onde destaca o Palacio de Cristal. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

• 19 DE MAIO: AVILA - SANTIAGO

Almorzo e pola mañá visita con guía local oficial a Ávila. Poderemos coñecer as súas famosas murallas, construídas no s.XII. Impresiona a dimensión da Muralla, xa que ten 2526 metros de perímetro, con 12 metros de altura e 3 de espesor. Están guarnecidas por 88 torres e conta con 9 portas. Coñeceremos tamén a Catedral, protogótica e gótica, con 3 naves moi alargadas. Entre os distintos monumentos que iremos coñecendo na nosa visita, cabe unha mención a Basílica de San Vicente, onde está o sepulcro de S. Vicente e as súas irmáns. A Igrexa de San Pedro é famosa polo seu retablo plateresco e outros barrocos. Coñeceremos a Igrexa de San Andrés, románica. De entre os Conventos e Mosteiros de Ávila, destacan: o de Santo Tomás, antiga Universidade e residencia de verán dos Reis Católicos. Tras esta visita cultural, teremos breve tempo libre para disfrutar dun aperitivo nas prazas e terrazas da cidade. Xantar no hotel. Continuación da viaxe cara o lugar de destino. Chegada e fin dos nosos servizos.

PREZO: 155 €

O PREZO INCLÚE:

- Autocar gran turismo
- 3 días / 2 noites en Hotel**/** en zona de Ávila
- Pensión completa
- Comida en restaurante concertado en zona de Madrid.
- Bebidas incluídas (auga e viño) en xantares e ceas.
- Visitas e excursións relacionadas no programa.
- Guía acompañante
- Guía local en Arévalo
- Guía local en Ávila
- Guía local en Madrid.
- Entrada ao Palacio Real de Madrid.
- Seguro de asistencia e viaxe.

O PREZO NON INCLUE:

- Extras no hotel, entradas non especificadas no apartado anterior.